



# B A N D O

As tradicións son sagradas,  
non se poden olvidar  
e coma sempre, cada ano,  
a súa maxestade O ENTROIDO  
venvos avisar:

Estando en calendas entroidais  
nas que a miña palabra é LEI,  
ORDENO e FAGO SABER que:

O profesorado, alumnado  
e demais persoal deste Centro,  
han vir esta semana ataviados  
do seguinte xeito:

## MARTES, 5 DE FEBREIRO:

Na cabeza has traer!  
distintos peiteados, panos,  
cintas, sombreiros, tocados.....

## MÉRCORES, 6 DE FEBREIRO:

Ademais do ordenado para onte,  
hoxe...*Cambia o teu careto!*  
Que sexa distinto ao de decote:  
Pon un nariz, gafas, bigotes,...


## XOVES, 7 DE FEBREIRO

(Xoves de Comadres)

Dispoño que,  
enriba do ordenado  
nos días anteriores,  
ao pescozo lle botes...  
gravata, un lazo,  
estolas, colares,....



## VENRES, 8 DE FEBREIRO

(Venres de Compadreo):  
Día grande na miña honra,  
polo que todo aquel  
que veña á escola,  
ha deixar á xente  
abrindo a boca... 

Os buzos tes que esquecer!!!  
Imaxinación ao poder!!!

E para festexalo  
por todo o alto,  
comeremos ata nos fartar  
sobremesas típicas  
(orellas, filloas, rosquiñas,...)  
feitas por papá ou mamá.

Logo bailaremos,  
riremos, xogaremos,...  
E como remate,  
ata que estoupe...  
o MECO queimaremos!!!

O que fago saber  
no día de hoxe, 4 de Febreiro,  
para o seu xeral coñecemento.



# ENTROIDO

